

O XASTRE DA MAFIA

Graham Moore, 2022


937

ESTREA EN NUMAX: 27.05.2022 | V.O.S.E. | +16 | 106 min

Chicago, 1956. Leonard (Rylance), é un xastre inglés que confeccionaba traxes na mundialmente famosa Savile Row de Londres. Despois dunha traxedia persoal remata en Chicago, traballando nunha pequena xastrería nunha zona difícil da cidade onde fai roupa elegante para as únicas persoas ao seu redor que poden pagala: unha familia de gánsters. Esta familia de mafiosos intentará aproveitarse da natureza xentil e compracente de Leonard, que xunto á súa asistente Mable (Zoey Deutch) verase implicado coa mafia dun xeito cada vez máis grave.

«Fermosamente deseñada,
coidadosamente comedida e
impecablemente editada. Xoga con
destreza coas convencións do noir e
o thriller moderno»

Nikki Baughan, SCREENDAILY



Entrevista con Graham Moore: «Quería recuperar o espírito dos filmes clásicos nos que moitas cousas suceden fóra de plano»

Por Steve Prokopy

N'O xastre da mafia tentaches deconstruír o filme de gánsters tal e como o coñecemos? Estou obsesionado cos grandes filmes de gánsters e, en xeral, co cinema negro dos 30, 40 e 50. Con esta historia queríamos ofrecer unha nova ollada aos grandes thrillers criminais inspirándonos en Hitchcock e outros autores. Relatar a historia desta guerra entre bandas non desde a perspectiva dos gánsters se non dun amable xastre permitíanos darlle unha volta ao xénero. Gustábanos recuperar o espírito de certos filmes clásicos nos que moitas cousas non aparece no plano. Por exemplo, hai nove disparos en toda a película que teñen lugar no fóra de campo. O noso equipo de son traballou moi duro para recrear cada un deles. Eles viñan de traballar en *Sen tempo para morrer* (Cary Joji Fukunaga, 2022), na que hai bastantes máis de nove tiros. Queríamos construír un filme no que unha película de gánsters máis tradicional sucedese fóra de campo e a cámara reparase neste pequeno e estraño recanto de Chicago que serve de agocho ao noso xastre.

No filme traballas cun pequeno grupo de prestixiosos actores británicos de teatro. Como foi o traballo con eles? Desde hai anos son admirador de Mark Rylance e Simon Russell Beale. A idea era conservar algo da teatralidade da historia e facelo conectar cos elementos puramente cinematográficos na creación do espazo escénico. Mark e Simon nunca actuaran xuntos pero coñécense desde hai anos e estaban moi emocionados de traballar un co outro. Ambos levan desde os vinte anos preparados para facer os mesmos papeis e por algún motivo nunca coincidiran no mesmo proxecto. A escena na que se atopan nas beiras opostas da mesa, Simon saca unha pistola e Mark unha cortina, foi moi emocionante de filmar. Só facía falla poñer a cámara gravar, sabíamos que eles nos ían dar todo o demais.

Encántanme os filmes que mostran a xente facendo o seu traballo. En moitas ocasións aprendes máis nesas escenas que nos propios diálogos dos personaxes. Que nos querías transmitir ao amosar a Leonard a traballar ao detalle cos seus traxes? É algo que aprendín de Michael Mann, que é un dos meus cineastas favoritos e alguén con quen aprendín moito traballando. O seu traballo é maxistral cando amosa a xente facendo cousas. De novo volvendo á apertura d'*O xastre da mafia*, ao empezo non sabemos o que está a facer. Hai utensilios estraños pero vemos que algo real está a suceder. Mark ensaiou realmente cos xastres do Savile Row para saber como coller as ferramentas. Non hai trucaxe, non se pode finxir a experiencia. Tes que poñela en práctica e iso é algo que aprendín de Mann.

Por que sitúas o filme no Chicago dos 50? A historia inspírase nun caso real que tivo lugar en Chicago en 1956 nunha xastraría. Aí sentíamos que había unha película e comezamos a investigar. Cada personaxe inspírase nunha figura real dos baixos fondos dos 50. Chicago foi moi representada na década dos 30, con Al Capone, e a partir dos 70, pero case nada hai dos 50. Podemos pensar n'*O padriño* de Coppola, pero eran grandes imperios criminais da Costa Leste. En Chicago eran organizacións de nivel medio que traballaban a pé de rúa.